


ANDAINA "A ORCA VELLA"

Concello de Fisterra



O inicio da andaina, comeza dende o **Faro de Fisterra**, tradicionalmente considerado como o cabo da fin do mundo “Finis Terrae” construído en 1853, a 138 metros sobre o mar. Avanzado xa un quilómetro, podremos contemplar o **Centolo**, antigamente coñecido como Centulo (demo), que está situado a 700 metros da costa e elévase a 25 metros sobre o nivel do mar. Dende alí, gozaremos dunha fermosa paisaxe ata chegar á **Praia de Mar de Fôra**, onde conectaremos coa Insua, lugar onde habitan moitos fisterráns.

Unha vez chegados á **Igrexa de Santa María das Areas** (s. XII), faremos unha breve parada para finalmente adentrarnos no monte en dirección **San Guillermo**, onde se atopan restos dunha ermida, que foi destruída no século XVIII. Dende este lugar, iniciaremos o descenso, onde unha vez chegados ao km 0, daremos por finalizado o percorrido.

